

Sendo as 12.30 horas do día 17 de abril de 2010 reúnen-se, no Pazo dos Ulloa en Esposende-Ribadavia, os membros do xurado da **VII edición dos premios BACELOS DE PRATA**, **D. Avelino Muleiro García**, Presidente da Asociación Álvaro das Casas, **D. Xabier Rioma**, Profesor de Didáctica da Expresión Artística da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Vigo; **D. Antonio Cajide Gulín**, adegueiro e enólogo; **D^a. Toia Suárez Vicente**, enóloga e adegueira premiada na edición anterior; **D. Xosé González Martínez**, membro da Asociación Álvaro das Casas; **D. Flavio Morganti**, restaurador, e actuando de Secretaria **D^a Carmen Pérez Vaquero**, que o é da Asociación Álvaro das Casas, logo de deliberaren sobre as propostas presentadas acordan conceder os **PREMIOS BACELOS DE PRATA** nesta nova edición a:

A ADEGA DURÁN, S.L., da denominación de orixe Rias Baixas, pola utilización da lingua galega desde o inicio da súa actividade comercial no ano 1989 na etiquetaxe e publicidade da súa marca: **VENTO MAREIRO**, cento por cento uva albariña do Salnés, de grande calidade e prestixio; Salienta o xurado a defensa que fai da identidade galega e a participación en proxectos destinados a defenderen as estruturas empresariais das pequenas e medianas adegas para teren maior presenza nos mercados e afortalar, dese xeito, a economía do sector na contorna.

A D. EMILIO DOCAMPO DIÉGUEZ, da denominación de orixe Ribeiro, pola incorporación ao proceso de galeguización do sector vinícola galego coa súa marca **CASAL DE PAULA D.H.** elaborada coa caste treixadura. O xurado quere salientar a aposta persoal deste colleiteiro por manter a tradición familiar na elaboración de viños de calidade que se remonta ao inicio do século XX.

Non quere deixar pasar o xurado esta ocasión para rememorar a celebración do 85º aniversario do I Congreso de Economía de Galicia celebrado en Lugo no ano 1925, efeméride histórica que supuxo a proposta de crear na comarca do Ribeiro un centro de investigación para a mellora do sector vinícola galego que se concretou, moitos anos despois, en 1995, coa creación da Estación Enolóxica do Ribeiro. Así mesmo, o xurado considera que se debería incentivar a produción do viño tostado do Ribeiro que gozou, noutros tempos, de moitísimo prestixio.

Ás 14,00 horas dáse por rematada a xuntanza, asinando ao pé os membros do xurado desta VII edición.